


O BOSQUE ANIMADO

VOCABULARIO




**CEIP EMILIA PARDO BAZÁN
A CORUÑA**

1. Completa os nomes e une cada debuxo co seu significado. Colorea.

FRAGA TORO NIÑO FOLLA CARBALLO

F

Extensión de monte poboado de árbores de folla caduca.



T

Parte da árbore entre a raíz e as pólas. Tronco.




N

Construción que fan as aves para poñer os ovos e criaren.




F

Parte da planta de cor verde que nace do talo ou das pólas.




C

Árbore de gran tamaño que ten como froito a landra.



2. Segue o labirinto e averigua o nome de cada cousa. Ponlle o nome que lle corresponde.



3. Averigua e arrodea a resposta verdadeira.

Pequeno mamífero de fortes unllas que excava as galerías en que vive.

MIÑOCA TOUPA CAN

Mamífero voador.

MORCEGO BOLBORETA ABELLA

Mamífero carnívoro, doméstico, de cabeza pequena, ollos brillantes e rabo longo. Miaña.

CROCODILO RATO GATO

Ave de plumaxe negra e que está considerada de mala sorte.

REISEÑOR CORVO GALO

Cría da vaca ata que ten máis ou menos dous anos.

BOI OVELLA BECERRA

Mamífero carnívoro salvaxe, con fociño e orellas afiadas e o rabo longo e peludo.

RAPOSO COELLO VACALOURA

4. Aprende o significado de cada palabra e completa as frases.

PAZO: Edificio grande e luxoso.

FAIADO: Parte máis alta da casa, debaixo do tellado.

MISTO: Variña moi pequena de madeira que arde ao fretala.

LEIRA: Terreo de labranza.

GAIOLA: Caixa feita de barras para ter dentro animais.

Xan colleu os xoguetes que tiña no _____ .

O avó de Alberte foi á _____ apañar as patacas.

No _____ de Lestrove estivo Rosalía de Castro.

O outro día queimei un dedo cun _____ .

Naquela _____ había dúas aguias enormes.

CHIMPO: Levantarse do chan por medio dun impulso.

BURATO: Abertura dunha cousa dun lado a outro.

BALBORDO: Ruído de moitas voces xuntas.

CARRO: Vehículo tirado por animais.

LISCAR: Marchar moi á présa dun lugar.

Había tal _____ que non escoitei a profesora.

O _____ da miña curmá leva dúas vacas.

Veña, que hai que _____, que xa é de noite!

Déronlle un susto e pegou un _____ moi grande.

A moeda caeu polo _____ e desapareceu.

5. Completa os nomes, une cada debuxo co seu significado. Colorea.

CATEDRAL FACHADA BOTAFUMEIRO PESO BOI

B

Touro castrado, que se emprega como animal de tiro.



F

Cada unha das caras exteriores dun edificio.




P

Moeda antiga, equivalente a cinco pesetas, anterior ao euro



B

Incensario grande da catedral de Santiago de Compostela.



C


Igrexa principal baixo a xurisdición dun bispo ou dun arcebispo.



6. Colorea da mesma cor a definición e o nome que lle corresponde.




Persoa bruta e pouco razoable.



Tecido liso por un lado e cuberto polo outro de pelo suave, curto e mesto.



Mastigar ou cortar cos dentes.



Causar dano físico, facer unha ferida.




Persoa pouco refinada ou delicada.



7. Que é? Completa co debuxo correspondente.

SALGUEIRO

Árbore de folla caduca, con pólas longas.



Mamífero carniceiro nocturno con dúas listas negras.

PORCO TEIXO



LIMACHA

Parecido ao caracol. Sen cuncha. Segrega moita baba.




VAGALUME

Insecto. A femia emite luz na escuridade.



8. Aprende o significado destas expresións e ditos galegos e fai unha ilustración para cada un deles.



**Xente nova e leña verde...
todo é fume!**


É unha expresión de xente maior: a experiencia é o que nos achega o coñecemento das cousas.



**A Santo Andrés de Teixido vai
de morto quen non foi de vivo!**


É unha crenza que obriga a ir ao Santuario de Santo Andrés de Teixido polo menos unha vez na vida. E se non vas en vida.. vas cando morras.

9. Aprende o significado destas expresións e ditos galegos e fai unha ilustración para cada un deles.



Ti, de quen vés sendo?


Estanche preguntando quen son os teus pais, os teus avós, os teus bisavós... De que familia es?



Mala chispa te coma!


É unha expresión de enfado, de contrariedade...

10. Aprende o significado destas expresións e ditos galegos e fai unha ilustración para cada un deles.



Non che arrendo a ganancia!

Un aviso a outra persoa de que o que vai facer non lle vai resultar ben.



Quentalle o lombo a alguén

Mallar en alguén.